

Javier Freire González, secretario da Mesa de contratación do Parlamento de Galicia

FAGO CONSTAR:

Que a Mesa da contratación para a subministración de enerxía eléctrica, na súa reunión do 4 de novembro de 2016 adoptou, logo de realizados os trámites legais e regulamentarios pertinentes, os seguintes acordos:

1º Proporlle á Mesa do Parlamento de Galicia a adxudicación do lote 1 (punto de subministración edificación A) á empresa Endesa Energía, S.A.U., polos prezos unitarios ofertados na súa proposición para os termos de potencia, termos de enerxía e alugueiro do equipo de medida.

2º Informar á Mesa do Parlamento de Galicia que, respecto do lote 2 (punto de subministración edificación B), a empresa Gas Natural Comercializadora, S.A., non presentou no prazo establecido a documentación pertinente oportunamente requirida, por si, ao teor do establecido no artigo 60.2.a, en relación co 151.2, do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, puidera ter incorrido en prohibición de contratar, cuxa determinación corresponde a órgano de contratación mediante procedemento instruído ao efecto.

O que asina en Santiago de Compostela o sete de novembro de dous mil dezaseis, para os efectos do establecido na cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas, publicado no BOPG nº 661, de dezasete de xuño de dous mil dezaseis.